

PROXECTO DE DECRETO XX/2023 polo que regula a concesión de avais polo Instituto Galego de Promoción Económica.

I. O Decreto 284/1994, do 15 de setembro (DOG núm. 190, do 30 de setembro), parcialmente modificado polo Decreto 132/1995, do 10 de maio (DOG núm. 92, do 15 de maio) e polo Decreto 302/1999, do 17 de novembro (DOG núm. 22, do 25 de novembro), regula as condicións e requisitos que deben cumprir os avais do Igape, previstos no artigo 45 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada por Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro (DOG núm. 214, do 5 de novembro, en diante, TRLRFOG).

Ao abeiro deste marco regulador, o Igape ten concedido ao longo destes anos numerosas operacións de aval a favor de empresas instaladas en Galicia, por importe de preto de 694 millóns de euros, destinados tanto á ampliación da súa capacidade produtiva como a actuacións de reestruturación para procurar a súa viabilidade e mellorar a súa competitividade.

Así mesmo, o Igape, en colaboración coas sociedades de garantía recíprocas galegas (en diante, SGR) e as entidades financeiras adheridas, ven apoiando, durante máis de vinte e cinco anos, o acceso ao financiamento das pemes con axudas en forma de reaval, a través de convenios de colaboración anuais, con diversas liñas de axuda para cubrir necesidades específicas, que abranguen desde o financiamento de investimentos e circulante estrutural, como o financiamento operativo para o tráfico comercial das pemes, e garantías ante terceiros vinculadas a operacións de tráfico ou avais técnicos co obxecto de favorecer a capacidade das pemes para garantir o cumprimento de contratos e/ou de operacións comerciais.

II. O longo tempo transcorrido desde a aprobación deste marco regulador no ano 1994, aconsella aprobar un novo marco regulador dos avais do Igape, adaptado á normativa comunitaria vixente.

Este Decreto estrutúrase en doce artigos, unha disposición adicional, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e unha disposición derradeira.

Este novo marco normativo dará soporte ás operacións de aval do Igape, cuxas condicións particulares se establecerán, con carácter xeral, en bases reguladoras específicas para cada modalidade de garantías. Calquera outro tipo de operación non amparada nun réxime xeral de garantías, deberá ser previamente autorizada mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia.

III. O Decreto amplía a posibilidade de ser beneficiaria dos avais a calquera empresa, independentemente da súa forma xurídica e tamaño, incluíndo expresamente asociacións e outras entidades que desenvolvan actividade económica e realicen actuacións a favor do tecido empresarial galego. Prevese tamén a posibilidade de avalar a empresas que non desenvolvan a actividade empresarial en Galicia, sempre que requiran garantías financeiras ou técnicas para as súas relacións comerciais e/ou operativas con empresas galegas. E esténdese a posibilidade de conceder reavais a favor das SGR en xeral, das entidades financeiras e outras persoas xurídicas polo riscos que asuman como primeiros avalistas, non limitándoos unicamente ás SGR galegas como a normativa anterior.

Respecto das modalidades de garantía, inclúese expresamente no artigo 3 a posibilidade de concesión de avais técnicos en garantía do cumprimento de contratos e outros compromisos, ademais dos financeiros, prevendo tamén esta posibilidade para os reavais. Amplíase o ámbito das entidades ante as que se presta o aval, mantendo a calquera entidade suxeita á supervisión do Banco de España e engadindo ás entidades supervisadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Establécese que as garantías deberán estar vinculadas a transaccións orixinadas por unha fonte contractual entre a destinataria do aval e a entidade acreedora, por canto a Comunicación da Comisión relativa á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais en forma de garantía (2008/C 155/02, DOUE do 20 de xuño de 2008) exclúe as garantías xerais que non permitirían cuantificar a posible axuda implícita, dispoñendo que as garantías deben estar vinculadas a transaccións financeiras específicas, por un importe máximo e un período limitado.

En consecuencia, prevese no artigo 5 que os avais terán prazos de vixencia limitados, e que responderán por importe equivalente a unha porcentaxe determinada da obriga garantida, cun límite máximo nominal determinado no momento da concesión. Cando a obriga avalada diminúa co tempo, a cantidade máxima garantida diminuirá proporcionalmente, de xeito que en todo momento a garantía non cubrirá máis da porcentaxe determinada sobre a obriga pendente, co fin de garantir que o prestamista corre efectivamente con parte do risco.

IV. De acordo co establecido nos artigos 45.2 e 43.1 do TRLRFOG, os avais do Igape serán subsidiarios e obrigarán a responder do seu pago só no caso de non poder satisfacelos o debedor principal ou o primeiro avalista, salvo acordo do Consello da Xunta de Galicia autorizando a renuncia ao beneficio de excusión previsto no artigo 1830 do Código Civil. Por isto, prevese no Decreto que as condicións de execución dos avais do Igape serán determinadas nas bases reguladoras dos programas de avais, e/ou nos documentos de aval correspondentes, e que deberán contar coa autorización do Consello de Xunta en caso de que supoñan renuncia ao devandito beneficio de excusión.

O Tesouro da Comunidade Autónoma responderá dos avais do Igape, salvo en caso de operacións de reaval en que responderá directamente o Igape, en termos similares á normativa anterior. Con todo, como novidade contéplase a posibilidade de constitución de fondos de garantía específicos para carteiras de operacións concretas, dotados con cargo aos orzamentos do Igape, da Comunidade Autónoma, con achegas de institucións nacionais, comunitarias e/ou doutras entidades públicas ou privadas, nos que a cobertura dos avais poderá limitarse á contía das achegas realizadas ao fondo de garantía.

V. Os avais do Igape poderán ser concedidos:

- En condicións de mercado, en cumprimento dos requisitos establecidos na Comunicación 2008/C 155/02 ou normativa que a modifique o substitúa, para seren considerados exentos de axuda, ou
- Con axuda implícita, cos requisitos e características establecidos nos programas que con carácter xeral ao efecto aprobe e que serán obxecto de publicación no DOG.

Prevese que o risco asumido pola operación de aval deberá retribuírse cunha prima adecuada ao mercado, tendo en conta a normativa europea aplicable, eliminando da regulación a contía máxima do 1% do risco vivo que figuraba na normativa anterior. Así mesmo, establécese con carácter xeral o pago anticipado da comisión e a posibilidade da súa inclusión no importe da operación avalada, para evitar riscos de falta de pagamento, incorporando no texto as recomendacións ao respecto formuladas polo Consello de Contas de Galicia nos informes anuais dos avais do Instituto.

Para os avais con axuda implícita, prevese que a comisión poda estar total ou parcialmente bonificada.

VI. Nos artigos 8 a 10 regúlanse as contragarantías, a natureza xurídica dos avais e as accións de regreso para o recobro das cantidades, de ser o caso, aboadas con motivo da súa execución.

Prevese a posibilidade de esixir á empresa avalada garantías para cubrir o risco das operacións, que poderán ser persoais ou reais, da propia empresa, dos seus socios ou de terceiros, e determinaranse en función do tipo e natureza da operación avalada.

Cualifícase o contrato de aval como de natureza pública, ou administrativa especial en atención á finalidade pública de promoción da competitividade e do acceso ao financiamento das empresas galegas.

Prevese expresamente a posibilidade de recorrer ao procedemento establecido no Regulamento xeral de recadación para o cobro de débitos de dereito público non tributarios, en termos análogos aos previstos na normativa anterior.

Finalmente, e como novidade, alúdese á posibilidade de novación das obrigas de reintegro derivadas da execución e pago dos avais e maila suspensión do exercicio das accións de reintegro, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, coa finalidade de contar cun marco normativo que habilite esta posibilidade en supostos en que o exercicio das accións de reintegro puideran poñer en perigo o mantemento de actividades económicas ou laborais relevantes, sempre nos termos e condicións autorizados por norma de rango legal.

VII. Mantense o sometemento das destinatarias dos avais ás actuacións de comprobación ou control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, en particular a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas ou os órganos de control da Comisión Europea, en similares termos á normativa anterior.

No artigo 12 mantense a comunicación trimestral ao Parlamento dos riscos por avais, e actualízase a redacción das obrigas en canto á publicidade dos avais concedidos, sen prexuízo de que nas bases reguladoras correspondentes se establezan os requisitos con maior grao de detalle.

VIII. O Decreto contén unha disposición adicional na que se faculta ao Consello de Dirección do Igape como órgano superior de goberno da entidade a aprobar as bases reguladoras necesarias en desenvolvemento do Decreto.

Inclúense dúas disposicións transitorias nas que se aclara que as solicitudes de concesión ou de execución de avais que estiveran en tramitación á entrada en vigor deste Decreto, rexeranse pola normativa anterior, así como tamén as solicitudes de novación ou modificación das condicións de avais vixentes outorgados conforme á normativa anterior.

Por último, dispónse a derogación do Decreto 284/1994 do 15 de setembro, de regulación de avais do Igape, e a entrada en vigor do texto ao día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude, por proposta da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, e trala deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión dode 2023,

DISPOÑO:

Artigo 1. Concesión de avais polo Instituto Galego de Promoción Económica

1.- A autorización prevista no artigo 45 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, para a concesión de avais por parte do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), levarase a cabo dentro das previsións que para o efecto conteñan as leis anuais de orzamentos, nos termos previstos no presente Decreto.

2. O Igape poderá conceder avais de acordo cos requisitos e características establecidos polos programas que, con carácter xeral, a tal efecto aprobe, e que serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Calquera outro tipo de operación deberá ser expresamente autorizada mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia.

Artigo 2. Destino dos avais

Poderán ser destinatarias dos avais que se regulan neste Decreto:

a) As persoas físicas e xurídicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado aínda que non teña personalidade xurídica, que realicen ou teñan previsto realizar unha iniciativa empresarial localizada na Comunidade Autónoma de Galicia, e destinen integramente os fondos das operacións financeiras avaladas á súa posta en marcha, ampliación, mellora ou reestruturación.

b) As asociacións e outras entidades privadas que desenvolvan actividade económica e realicen actuacións en favor do tecido empresarial galego.

c) As empresas que, aínda que non desenvolvan a actividade empresarial en Galicia, requiran unha garantía financeira ou técnica para as súas relacións comerciais e/ou operativas con empresas galegas.

d) As sociedades de garantía recíproca, as entidades financeiras e outras persoas xurídicas, polo risco que estas asuman como primeiras avalistas a favor de destinatarios finais que cumpran os requisitos dos puntos a), b) ou c) deste artigo, en caso de reavais.

Artigo 3. Garantías

1. As garantías outorgadas poderán consistir:

a) Na prestación de aval a favor das destinatarias perante entidades acreedoras en garantía do cumprimento das obrigas económicas derivadas de operacións de financiamento e/ou que se puidesen derivar doutros compromisos relacionados coa actividade empresarial.

b) Na prestación de reavais ante sociedades de garantía recíproca, entidades financeiras e outras persoas xurídicas, polo risco que estas asuman como primeiras avalistas.

2. As entidades acreedoras perante as que se preste a garantía, deberán ser entidades de crédito, establecementos financeiros de crédito ou calquera outro tipo de entidade suxeita á supervisión por parte do Banco de España e/ou da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

3. As garantías deberán estar vinculadas a transaccións orixinadas por unha fonte contractual entre a destinataria do aval e a entidade acreedora.

Artigo 4. Obriga de pagamento

1. As bases reguladoras dos programas de avais que desenvolvan o presente Decreto e/ou os documentos de aval que se entreguen ás entidades ante as que se avala, regularán as condicións que se deben cumprir para a execución dos avais debendo contar con autorización previa do Consello da Xunta de Galicia no caso de que as citadas condicións de execución supoñan a renuncia do beneficio de excusión previsto no artigo 1830 do Código Civil.

2. O Tesouro da Comunidade Autónoma responderá dos avais sinalados nos apartados a), b) e c) do artigo 2, con cargo ao seus orzamentos anuais e/ou aos fondos de garantía de avais que a tal efecto constitúa a Comunidade Autónoma e/ou o Igape.

Nos reavais sinalados no apartado d) do artigo 2, responderá o Igape con cargo aos seus orzamentos anuais e/ou aos fondos de garantía que ao efecto constitúa.

3. No caso de constituírse un fondo de garantía específico para unha carteira de operacións concreta, a responsabilidade do Igape e da Comunidade Autónoma de Galicia poderá limitarse ás achegas previamente realizadas ao dito fondo de garantía, cando así se estableza previamente, e conste nos documentos do aval entregados ao acreedor.

4. Os fondos de garantía previstos neste artigo poderán ser dotados con cargo aos orzamentos do Igape, con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, con achegas de institucións nacionais e comunitarias e/ou con achegas doutras entidades públicas ou privadas.

Artigo 5. *Prazo e contía das garantías*

1. Os avais terán un prazo de vixencia limitado. Sen prexuízo da posibilidade de concesión de ampliacións na vixencia por motivos xustificadas, en ningún caso se concederán garantías con prazos de vixencia indefinidos.
2. Os avais responderán por un importe equivalente a unha porcentaxe determinada máxima da obriga garantida, cun límite máximo nominal que será determinado no momento da concesión.
3. Cando o volume da obriga avalada diminúa co tempo, a cantidade máxima garantida diminuirá proporcionalmente, de xeito que en todo momento a garantía non cubrirá máis da porcentaxe determinada sobre a obriga pendente.

Artigo 6. *Axuda implícita*

1. Os avais que o Igape conceda poderán incluír ou non unha axuda implícita.
2. Os avais sen axuda implícita deberán cumprir no momento da concesión todos os requisitos establecidos pola normativa europea vixente para que a operación se considere exenta de axuda.
3. O Igape poderá conceder avais bonificados cos requisitos e características establecidos polos programas que con carácter xeral a tal efecto aprobe, e que serán obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia. Nestes casos, a beneficiaria da axuda será a destinataria do aval. No caso dos reavais, as beneficiarias serán as destinatarias finais das garantías concedidas polas primeiras avalistas.

Artigo 7. *Comisión de aval*

1. O risco asumido polo Igape deberá compensarse cunha prima adecuada ao mercado, mediante o pago por parte da destinataria dunha comisión de aval, determinada nunha porcentaxe anual sobre o risco vivo.
2. Para a determinación da porcentaxe de comisión aplicable, terase en conta a normativa comunitaria vixente no momento da concesión do aval.
3. Salvo que na regulación dos programas de avais que se publiquen se estableza outra forma de pago e/ou de cálculo, a destinataria do aval deberá pagar ao Igape a comisión de aval de forma anticipada, previamente ou no momento da formalización do aval. O importe calcularase en base ao calendario de amortización previsto da obriga garantida, aplicándose para cada ano a porcentaxe de comisión sobre o saldo medio anual, e calculando o valor actual neto á data da formalización, coa taxa de desconto financeiro que corresponda nese momento conforme á normativa comunitaria vixente.

O importe da comisión de aval poderá incluírse no importe da operación avalada.

4. Para os avais con axuda implícita previstos no artigo 6.3, a comisión de aval poderá estar total ou parcialmente bonificada.

5. A comisión terá a correspondente aplicación no orzamento anual do Igape.

Artigo 8. *Contragarantías*

O Igape poderá establecer garantías que se lle esixirán á empresa avalada, xa sexan dos seus socios, da propia empresa ou de terceiros. As garantías estableceranse en función do tipo e a natureza das operacións avaladas.

Artigo 9. *Natureza xurídica dos avais*

O contrato de aval polo que se instrumentan as relacións entre o Igape e a empresa avalada terán natureza xurídico-pública.

Artigo 10. *Accións de regreso*

1. No caso de que a Comunidade Autónoma de Galicia e/ou o Igape se vexan obrigados a ter que pagar pola avalada, en todo ou en parte, a cantidade garantida, quedarán subrogados en tódolos dereitos que a entidade acreedora ostentase na operación avalada contra a destinataria do aval e poderán esixir desta o reembolso do pagado e as demais partidas ás que se refire o artigo 1838 do Código Civil.

2. Para o recobro das cantidades aboadas en concepto de aval, poderase utilizar o procedemento establecido no vixente Regulamento Xeral de Recadación para o cobro de débitos de dereito público non tributarios, empregando, se é o caso, a vía administrativa de constrinximento. O mesmo procedemento poderase utilizar para resarcirse de tódolos gastos consecuencia do exercicio das accións derivadas do contrato de aval.

3. O Consello da Xunta poderá acordar a novación das obrigas de reintegro derivadas da execución e pago dos avais e maila suspensión do exercicio das accións de regreso, nos termos e condicións autorizados por norma con rango legal.

Artigo 11. *Control*

As destinatarias do aval deberán someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o Igape, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, en particular a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, os órganos de control da Comisión Europea, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Artigo 12. *Comunicación ao Parlamento e publicidade*

1. Trimestralmente daráselle conta ao Parlamento dos avais existentes, dos novos avais concedidos e, se é o caso, dos riscos efectivos aos que a Tesourería da Comunidade Autónoma tivese que facer fronte.

2. En canto á publicidade dos avais concedidos, o Igape cumprirá o establecido no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou coa normativa que os modifique ou substitúa.

Disposición adicional única. *Desenvolvemento do Decreto*

Facúltase ao Consello de Dirección do Igape para aprobar as regulacións necesarias en desenvolvemento deste Decreto.

Disposición transitoria primeira. *Réxime aplicable ás solicitudes de aval presentadas con anterioridade á entrada en vigor*

As solicitudes de concesión ou de execución de avais que estiveran en tramitación na data de entrada en vigor deste Decreto, rexeranse polo Decreto 284/1994 de regulación de avais do Igape.

Disposición transitoria segunda. *Réxime aplicable ás solicitudes de modificación de avais concedidos con anterioridade á entrada en vigor*

As solicitudes de novación ou modificación das condicións dos avais vixentes, correspondentes a operacións outorgadas con anterioridade á entrada en vigor deste Decreto, rexeranse polo Decreto 284/1994 de avais do Igape.

Disposición derogatoria única. *Alcance da derogación normativa*

Este decreto derroga o Decreto 284/1994 de regulación de avais do Igape e as súas modificacións.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.